



**Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia**

Modelo MD85PR001

Programación

Centro: CMUS PROFESIONAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Materia/disciplina: Historia da música

Curso: 2024 - 2025



Índice

1	Introdución.....	3
2	Metodoloxía.....	4
3	Atención á diversidade.....	6
4	Temas transversais.....	6
	4.1 Educación en valores.....	7
	4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)....	7
5	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	8
6	Secuenciación do curso.....	9
	6.1 Curso: 4º grao profesional.....	9
	6.1.1 Obxectivos.....	9
	6.1.2 Contidos.....	10
	6.1.3 Avaliación.....	12
	6.1.4 Medidas de recuperación.....	16
	6.1.5 Recursos didácticos.....	18
	6.2 Curso: 5º grao profesional.....	20
	6.2.1 Obxectivos.....	20
	6.2.2 Contidos.....	21
	6.2.3 Avaliación.....	23
	6.2.4 Medidas de recuperación.....	28
	6.2.5 Recursos didácticos.....	30
7	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica. .	31
8	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento. . .	31
9	ANEXOS.....	32
	9.1 Probas de acceso a outros cursos.....	32
	9.1.1 Proba de acceso a 5º curso do Grao Profesional.....	32
	9.1.2 Proba de acceso a 6º curso do Grao Profesional.....	32
	9.2 Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	34



1 Introducción

Esta programación didáctica ten como principal finalidade a de adaptar e concretar os Obxectivos Xerais de Grao Profesional, así coma os específicos da materia de Historia da música, propostos pola administración aos diferentes cursos destas ensinanzas, tendo moi presentes as características propias do centro onde se levará á práctica, así coma do ámbito xeográfico, sociolóxico e cultural onde este se enmarca. Para elo indícanse en cada un dos cursos unha relación de contidos, recursos e criterios de avaliación, ademais dunhas pautas en canto a súa secuenciación temporal orientadas á consecución dos obxectivos propostos, e os criterios e ferramentas para a súa avaliación.

A materia de Historia da música impártese nos cursos 4º e 5º de Grao Profesional. No contexto das ensinanzas impartidas no Conservatorio, o estudo da Historia da música débelle descubrir ao alumnado a existencia dun espectro de estilos e de modos de concibir a creación musical. Esta disciplina terá un marcado enfoque práctico: non se tratará da simple enumeración de datos, obras, datas e autores. A súa principal finalidade será ensanchar os horizontes das pezas ou exercicios técnicos afrontados co seu instrumento.

A materia presentará un amplo panorama histórico no que teñan cabida os períodos nos que, cun criterio máis ou menos convencional, se adoita dividir a historia da música, e abordaranse dun xeito crítico, con consciencia de que esta é unha das maneiras de contar a historia, pero non a única posible. Afondarase especialmente nas épocas que legaron documentación musical, deixando outras correntes anteriores ou de tradición non occidental como máis propias dos estudos especializados.

As características do alumnado presentan unha certa homoxeneidade: a súa idade oscila aproximadamente entre os 15 e 18 anos, cursan estudos da ESO, de Bacharelato ou incluso estudos universitarios, e proceden tanto da propia zona urbana de Santiago como da contorna, nun radio condicionado polo alcance do transporte urbano e interurbano de proximidade.

- Marco legal

A normativa e os documentos legais que regulan as ensinanzas de música en Galicia e que se tiveron en conta para a elaboración desta programación didáctica pódense consultar na web da Consellería de Educación edu.xunta.gal. Enlace: [Normativa das ensinanzas de música](#)

- Plans de reforzo

Coa finalidade de traballar na mellora das posibles carencias e dificultades do alumnado que así o precise, o profesorado disporá, cando sexa posible, dun tempo adicado a actividades de reforzo dentro do seu horario. Nestes casos informarase ás familias e o profesorado recollerá no caderno de aula tanto as carencias detectadas, os contidos que se abordarán, como as ferramentas empregadas dentro da aula de reforzo.



2 Metodoloxía

Con carácter xeral primarase os máis produtivos, como son a resolución de problemas por parte do alumnado ou o descubrimento guiado, nos que se busca unha maior implicación do mesmo no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Os estilos máis directivos, coma a asignación de tarefas, tamén serán utilizados en función da área tratada, a natureza dos contidos, a dificultade dos mesmos e o grao de consecución dos obxectivos relacionados.

Procurarase, se fose necesario, que cada alumno e alumna tomase conciencia da importancia das tarefas recomendadas para a súa realización na casa, xa que se fai imprescindible para a súa correcta evolución dentro das ensinanzas musicais.

Do mesmo xeito, reforzarase en todo momento a motivación do alumnado, o que facilitará a mellora do seu rendemento e a adquisición duns correctos hábitos de estudo, entre outros aspectos.

- Principios metodolóxicos xerais:

Actividade e participación: daremos ao alumnado un papel activo no seu aprendizaxe (investigación, descubrimento guiado, resolución de problemas), o dos seus compañeiros e compañeiras (ensinanza mutua, traballo en grupos cooperativos) e a avaliación dos mesmos (autoavaliación e coavaliación).

Motivación e autoestima: no comezo e final das sesións procuraremos realizar unha explicación ou reflexión que leve ao alumnado a unha maior implicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Reforzaremos positivamente as actitudes e execucións correctas, orientaremos as que non o sexan mediante distintos mecanismos de realimentación nas que poidan apreciar a súa mellora, desenvolvendo así a súa autoestima.

Aprendizaxe significativo: de acordo coa concepción constructivista da aprendizaxe partiremos dos coñecementos previos sobre os contidos da materia (avaliación inicial) e as relacións entre eles e os doutras materias (interdisciplinariedade), ténndoos en conta á hora de trazar un camiño (temporalización) e unhas estratexias apropiadas co fin de acadar os obxectivos previstos.

Principios de globalización: o tratamento dos contidos obxecto da aprendizaxe estruturarase de forma interrelacionada dentro de cada curso e entre os diferentes cursos (tratamento en espiral dos contidos) afondando no seu desenvolvemento respecto aos cursos precedentes e respectando así a evolución do alumnado e a súa aprendizaxe.

Personalización e atención á diversidade: para o deseño desta PD tívose en conta a heteroxeneidade do alumnado de cada grupo - clase. Nesta mesma liña, adaptarase a actuación docente en función dos diferentes ritmos de traballo e aprendizaxe do alumnado (traballos por grupos de nivel, actividades de reforzo desenvolvidas en paralelo á sesión tipo, actividades de ampliación, uso de estratexias analíticas).

Interacción: fomentarse a interacción positiva entre todos os participantes do proceso de aprendizaxe: alumnado - alumnado (traballo en grupo, ensinanza mutua, coavaliación), alumnado - profesorado (debate, descubrimento guiado, análise de resultados, reflexións, reforzos) e procuraremos a implicación das familias no proceso educativo (acción tutorial).

- Principios metodolóxicos específicos da materia:
 - Partir dos coñecementos previos
 - Distribuír os obxectivos e contidos no tempo de xeito progresivo, producindo unha aprendizaxe sumativa
 - Favorecer a motivación do alumnado
 - Estimular a actitude analítica para a comprensión global da obra musical
 - Realizar actividades partindo dos contidos procedimentais, aunando teoría e práctica
 - Relacionar a Historia da música con outras materias do currículo
 - Exposicións orais feitas polo docente sobre os diferentes contidos do programa, acompañadas segundo o caso por textos, imaxes, audicións e análise de obras das diferentes épocas ou estilos.
 - Material esencial de traballo, fornecido polo docente, que os alumnos poden empregar na aula en forma de caderno físico, ou mediante un aparello informático.



3 Atención á diversidade

As medidas que se levarán a cabo para a atención á diversidade atópanse detalladas no Plan de atención á diversidade do centro, dispoñible na páxina súa páxina web. Enlace: conservatoriosantiago.gal/o-centro/documentos

4 Temas transversais

Os contidos transversais son esencialmente actitudinais, responden a problemas e realidades directamente relacionados coa vida cotiá de actualidade no ámbito social e que pola súa transcendencia demandan un tratamento educativo. Tomando como referencia o Decreto que establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establécense os seguintes elementos transversais:

- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o desprendemento e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.
- Fomentarase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.
- Fomentarase a participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.



4.1 Educación en valores

A clase individual de instrumento permite que a relación profesor-alumnado sexa directa, o cal aumenta en certo sentido a influencia do primeiro sobre o segundo. Será importante a supervisión constante do comportamento do alumnado en temas tales como a igualdade de xénero, tolerancia coas diferencias, respecto cara os compañeiros, comportamento cívico e sensibilidade cara a cultura en xeral.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s)

A aplicación da tecnoloxía da información e comunicación (TIC) e as Novas Tecnoloxías levounos a unha nova revolución, permitindo un crecemento enorme, evolución e perfeccionamento do proceso creativo musical. Non obstante, faise necesario regularlas e, seguindo a normativa do noso centro, establecemos o seguinte regulamento:

- Non se permite o uso de teléfonos móbiles, así coma calquera outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice e sexa con fins didácticos.
- Non se permite o uso na aula ou fora dela de ningún programa ou aplicación informática que recopile ou faga uso de calquera dato do alumnado (datos persoais, datos de avaliación e seguimento) agás CENTROSNET, e a súas aplicacións para dispositivos móbiles, ou calquera outro establecido e/ou autorizado pola consellería.
- Poderanse utilizar outros programas ou aplicacións informáticas que non recopile nin faga uso de calquera dato do alumnado (metrónomo, afinador, etc.).
- Para o uso de calquera outro programa ou aplicación informática do que non se faga mención na programación didáctica correspondente ou recopile ou faga uso de algún dato de carácter persoal ou referente ao seguimento ou avaliación do alumnado, deberase pedir autorización expresa a cada alumnado ou alumna, ou aos seus titores legais, de ser o caso.
- No caso de que o profesorado ou o alumnado precisen facer uso do móbil ou de calquera outro dispositivo electrónico semellante nas aulas por algún motivo de forza maior e xustificable, deberá pedirse autorización á Dirección do Centro.



5 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Fomentarase a asistencia do alumnado a concertos, cursos, clases de reforzo, conferencias, etc. que xurdan tanto dentro coma fora do centro, sobre todo das relacionadas ou que poidan ser de interese para a materia.

Así mesmo intentarase, na medida do posible, participar nas actividades organizadas polo Centro, tanto audicións ou concertos públicos coma calquera outra actividade de promoción das ensinanzas que poida ser de proveito para o alumnado.

En calquera caso as actividades complementarias e extraescolares que organice o Centro, ou nas que participe activamente, relacionadas ou non con esta materia, serán definidas ao comezo de cada curso dentro do Programa de Actividades Culturais e de Promoción das Ensinanzas.

6 Secuenciación do curso

A disciplina de Historia da música ten unha asignación lectiva de 2 horas semanais, tanto en 4º como en 5º curso do Grao Profesional.

6.1 Curso: 4º grao profesional

6.1.1 Obxectivos

Primeiro trimestre

- Captar, a través da audición, as características das correntes estéticas da Idade Media co fin de situar as obras musicais no tempo e recoñecer o seu estilo.
- Coñecer e comprender a música da Idade Media, tendo en conta a relación cos conceptos estéticos imperantes, para poder aplicar as convencións interpretativas ao repertorio e desenvolver o sentido crítico.
- Valorar a importancia da música na sociedade medieval, a través do coñecemento das relacións establecidas entre a música e o resto das artes, así como dos feitos históricos e os movementos socioculturais máis salientables.
- Reflexionar sobre o fenómeno sonoro na Idade Media como un aspecto máis da conduta humana, intimamente conectado co proceso histórico en que se encadra en todos os seus aspectos: económicos, sociais e culturais.
- Adquirir o práctica de escoitar música medieval, como un xeito de diversificar as preferencias persoais.

Segundo trimestre

- Captar, a través da audición, as características das correntes estéticas do Renacemento co fin de situar as obras musicais no tempo e recoñecer o seu estilo.
- Coñecer e comprender a música do Renacemento, tendo en conta a relación cos conceptos estéticos imperantes, para poder aplicar as convencións interpretativas ao repertorio e desenvolver o sentido crítico.
- Valorar a importancia da música na sociedade renacentista, a través do coñecemento das relacións establecidas entre a música e o resto das artes, así como dos feitos históricos e os movementos socioculturais máis salientables.
- Reflexionar sobre o fenómeno sonoro no Renacemento como un aspecto máis da conduta humana, intimamente conectado co proceso histórico en que se encadra en todos os seus aspectos: económicos, sociais e culturais.
- Adquirir a práctica de escoitar música renacentista, como un xeito de diversificar as preferencias persoais.



Terceiro trimestre

- Captar, a través da audición, as características das correntes estéticas do Barroco co fin de situar as obras musicais no tempo e recoñecer o seu estilo.
- Coñecer e comprender a música do Barroco, tendo en conta a relación cos conceptos estéticos imperantes, para poder aplicar as convencións interpretativas ao repertorio e desenvolver o sentido crítico.
- Valorar a importancia da música na sociedade do Barroco, a través do coñecemento das relacións establecidas entre a música e o resto das artes, así como dos feitos históricos e os movementos socioculturais máis salientables.
- Reflexionar sobre o fenómeno sonoro no Barroco como un aspecto máis da conduta humana, intimamente conectado co proceso histórico en que se encadra en todos os seus aspectos: económicos, sociais e culturais.
- Adquirir a práctica de escoitar música barroca, como un xeito de diversificar as preferencias persoais.

6.1.2 Contidos

Primeiro trimestre

- A música como feito social e cultural. Introducción á Historia da música e súas fontes de información. A música na Antigüidade.
- A música na Idade Media. Periodización. CONTIDO MÍNIMO ESIXIBLE.
- Situación da actividade musical medieval no seu contexto social, económico, ideolóxico, histórico e artístico. Comentario de textos e análise iconográfica en relación coa actividade musical.
- A monodia sacra: o canto gregoriano. Desenvolvemento da notación. Características do canto gregoriano. Práctica interpretativa. Análise e audición comentada de cantos gregorianos.
- A notación cadrada. Os modos gregorianos. Kyrie, Agnus Dei e gradual. CONTIDO MÍNIMO ESIXIBLE.
- Organoloxía: os instrumentos na Idade Media. Análise iconográfica. Funcións dos instrumentos. Música instrumental.
- A monodia profana: as cancións dos trovadores. Notación e transcripción. Características, formas musicais e práctica interpretativa. A monodia profana na Península Ibérica e Galicia. Análise e audición comentada de obras.
- A lírica galego-portuguesa. Características principais. As cantigas de Martin Codax. CONTIDO MÍNIMO ESIXIBLE.
- A orixe da polifonía. Primeiros repertorios polifónicos: características, estilos musicais. A evolución da notación. Xéneros musicais: o organum. O Códice Calistino. Práctica interpretativa. Análise e audición comentada de obras.



- A polifonía do s. XIII: Ars Antiqua. A evolución da notación. Características musicais. Xéneros musicais. Práctica interpretativa.
- A polifonía do s. XIV: Ars Nova, Ars Subtilior. A evolución da notación. Características musicais. Xéneros musicais. Práctica interpretativa. Análise e audición comentada de exemplos.
- O motete. Características principais. Interpretación. CONTIDO MÍNIMO ESIXIBLE.
- Coñecemento dos compositores máis relevantes da Idade Media.
- Emprego dun vocabulario técnico e xeral axeitado. CONTIDO MÍNIMO ESIXIBLE.
- Actitude aberta e respectuosa ante os diversos estilos, gustos e opinións musicais.

Segundo trimestre

- A música do Renacemento. Periodización. CONTIDO MÍNIMO ESIXIBLE.
- Situación da actividade musical no seu contexto social, económico, ideolóxico, histórico e artístico. Comentario de textos e análise iconográfica en relación coa actividade musical.
- Notación e transcripción da música renacentista. Desenvolvemento e características xerais da música no Renacemento: textura, harmonía, emprego de cantus firmus, madrigalismos. A polifonía sacra de finais do Renacemento: o estilo de Palestrina. Xéneros musicais e prácticas interpretativas.
- Organoloxía: os instrumentos no Renacemento. Funcións dos instrumentos. Análise iconográfica. Música instrumental. Análise e audición comentada de obras instrumentais.
- Xéneros da música vocal. Análise e audición comentada de obras dos diversos xéneros e as súas prácticas interpretativas.
- O motete. O madrigal. CONTIDO MÍNIMO ESIXIBLE.
- A música do Renacemento na Península Ibérica. Polifonía en latín e polifonía en lingua vernácula. Xéneros musicais. Música instrumental. Análise e audición de obras dos diversos xéneros e das súas prácticas interpretativas.
- O villancico. CONTIDO MÍNIMO ESIXIBLE.
- Coñecemento dos compositores máis relevantes do Renacemento.
- Emprego dun vocabulario técnico e xeral axeitado. CONTIDO MÍNIMO ESIXIBLE.
- Actitude aberta e respectuosa ante os diversos estilos, gustos e opinións musicais.

Terceiro trimestre

- A música do Barroco. Periodización. CONTIDO MÍNIMO ESIXIBLE.



- Situación da actividade musical no seu contexto social, económico, ideolóxico, histórico e artístico. Comentario de textos e análise iconográfica en relación coa actividade musical.
- Notación e transcripción da música barroca. Desenvolvemento e características xerais da música no Barroco. O canto vocal solista. O concertato. Textura, fraseo, harmonía. A teoría dos afectos. Policoralidade. Prácticas interpretativas.
- O baixo continuo. CONTIDO MÍNIMO ESIXIBLE.
- Organoloxía: os instrumentos no Barroco. Funcións dos instrumentos. Análise iconográfica.
- Elementos, formas e estruturas musicais habituais na música barroca.
- Danzas, Recitativo e aria. CONTIDO MÍNIMO ESIXIBLE.
- Principais xéneros vocais barrocos: a ópera, a cantata, o oratorio e a paixón. O tono e o villancico. Análise e audición comentada de fragmentos significativos de obras.
- Principais xéneros instrumentais barrocos. Análise e audición comentada de fragmentos significativos de obras.
- A sonata. O concerto. CONTIDO MÍNIMO ESIXIBLE.
- A música do Barroco na Península Ibérica. Música vocal sacra e profana. A zarzuela. Música instrumental. Análise e audición comentada de fragmentos significativos de obras.
- Coñecemento dos compositores máis relevantes do Barroco.
- Emprego dun vocabulario técnico e xeral axeitado. CONTIDO MÍNIMO ESIXIBLE.
- Actitude aberta e respectuosa ante os diversos estilos, gustos e opinións musicais.

6.1.3 Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderá consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliación

Primeiro trimestre



- Coñecer a Idade Media como un período da Historia da música, situala cronoloxicamente e relacionala cos diversos repertorios musicais que se desenvolveron no seu transcurso. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.
- Recoñecer e describir as características musicais máis salientables da Idade Media, a través da audición de obras con ou sen partitura.
- Coñecer os repertorios monódicos do canto gregoriano e a lírica galego portuguesa, e as súas características principais: a notación cadrada, os modos gregorianos, os cantos do Kyrie, Agnus Dei e gradual, e as cantigas de Martin Codax. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.
- Coñecer o repertorio polifónico da Idade Media e as súas principais características musicais referidas ao xénero do motete. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.
- Comentar exemplos iconográficos ou textos escritos referidos á música, representativos da Idade Media.
- Relacionar a historia da música con outros aspectos da historia, da cultura e do pensamento que poidan incidir no desenvolvemento musical da Idade Media.
- Coñecer e usar correctamente o vocabulario musical específico. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.

Segundo trimestre

- Coñecer o Renacemento como un período da Historia da música, situalo cronoloxicamente e relacionalo cos diversos repertorios musicais que se desenvolveron no seu transcurso. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE PARA O 2º TRIMESTRE
- Recoñecer e describir as características musicais máis salientables do Renacemento, a través da audición de obras con ou sen partitura.
- Coñecer e analizar as principais características musicais dos xéneros renacentistas do motete, o madrigal e o villancico. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.
- Comentar exemplos iconográficos ou textos escritos referidos á música, representativos do Renacemento.
- Relacionar a historia da música con outros aspectos da historia, da cultura e do pensamento que poidan incidir no desenvolvemento musical do Renacemento.
- Coñecer e usar correctamente o vocabulario musical específico. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.

Terceiro trimestre

- Coñecer o Barroco como un período da Historia da música, situalo cronoloxicamente e relacionalo cos diversos repertorios musicais que se desenvolveron no seu transcurso. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE PARA O 3º TRIMESTRE
- Recoñecer e describir as características musicais máis salientables do Barroco, a través da audición de obras con ou sen partitura.
- Coñecer a práctica do baixo continuo, o recitativo e a aria da capo, as danzas, a sonata e o concerto, e as súas trazas máis salientables. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE PARA O 3º TRIMESTRE



- Coñecer e usar correctamente o vocabulario musical específico. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE
- Comentar, a través da análise, exemplos iconográficos ou textos escritos referidos á música, representativos dos diversos estilos e períodos históricos correspondentes ao curso.
- Relacionar a historia da música con outros aspectos da historia, da cultura e do pensamento. Identificar as circunstancias de todo tipo - políticas, culturais, económicas, sociais, artísticas, etc.- que poidan incidir no desenvolvemento evolutivo de cada época.

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

- a) Superar os criterios de avaliación indicados coma mínimos esixibles no apartado anterior. Consideraranse coma superados cada un destes criterios cando nos procedementos e nas ferramentas de avaliación correspondentes se acade unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10.
- b) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante os procedementos e ferramentas de avaliación correspondentes.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Realizarase unha **avaliación inicial** na primeira sesión de clase. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- a) Análise do grao de consecución dos coñecementos previos necesarios para a materia, desenvolvidos no currículo das materias dos cursos anteriores.
- b) Coñecemento personalizado das características do alumnado que facilite a planificación docente.

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**. O profesorado valerase das seguintes **ferramentas** para a avaliación do alumnado:

- Exercicios realizados polo alumno.
- Probas puntuais.

O profesor/a levará rexistro destas ferramentas nun **caderno de seguimento do alumnado** co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.



No curso realizaranse 3 cualificacións, unha para cada trimestre.

A **cualificación de cada trimestre** será unha nota ponderada, de acordo ao seguinte criterio:

- exercicios: 20% da cualificación.
- proba puntual: 80% da cualificación.

A proba puntual, referida aos contidos de cada trimestre, consistirá en:

- preguntas concretas sobre contidos teóricos e prácticos da materia do trimestre
- comentario ou explicación das características dunha obra determinada, a partir da audición e/ou datos escritos, con ou sen partitura, empregando un léxico axeitado, en referencia ás características da época ou estilo correspondente dos tratados no trimestre
- comentario de textos ou de imaxes relativos á materia, cun léxico axeitado, en referencia ás características da época ou estilo correspondente dos tratados no trimestre

A **cualificación final** da materia será a media das tres cualificacións parciais (trimestrais) do curso.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Como criterio de redondeo, adóptase o seguinte: cando unha cualificación atinxa 5 décimas (0,5), redondearase ao número enteiro superior. Por exemplo: un 5,499 redondearase a 5,00; pero un 5,5 redondearase a 6,00.

Criterios de cualificación

- REALIZACIÓN DE EJERCICIOS: 20% da cualificación trimestral.
- REALIZACIÓN DA PROBA PUNTUAL TRIMESTRAL: grao de dominio dos contidos traballados no trimestre. 80% da cualificación trimestral.

A aplicación destes criterios de cualificación realizarase mediante a realización por escrito dos exercicios e as probas específicas.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), a disposición da comunidade educativa na páxina web.



Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá de demostrar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha **proba** que consistirá en:

- preguntas concretas sobre contidos teóricos e prácticos da materia
- comentario ou explicación das características dunha obra determinada, a partir da audición e/ou datos escritos, con ou sen partitura, empregando un léxico axeitado, en referencia ás características das épocas ou estilos correspondentes á materia do curso
- comentario de textos ou de imaxes relativos á materia, cun léxico axeitado, en referencia ás características das épocas ou estilos correspondentes á materia do curso

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a realización da dita proba escrita.

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos ou superior para superala.

6.1.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións trimestrais do presente curso adóptanse os seguintes criterios:

Cando non se supere un trimestre, o alumno terá dereito á súa recuperación, preferentemente a final de curso, efectuando unha proba puntual de recuperación e/ou entregando os exercicios non presentados, dependendo das circunstancias que provocaran a non superación do trimestre.

Para a cualificación de cada trimestre recuperado consideraranse as mesmas porcentaxes de ponderación que na avaliación ordinaria (nota da proba de recuperación 80%, exercicios 20%), substituíndo os resultados que non foran superados na avaliación ordinaria polos novos resultados acadados na recuperación.

A cualificación ponderada resultante de cada trimestre recuperado servirá para calcular a nota final, que será a media das tres avaliacións, do mesmo xeito que na avaliación ordinaria. É dicir, para a cualificación final substituiranse as cualificacións non superadas na avaliación ordinaria, polos resultados obtidos nas avaliacións recuperadas, e farase a media final seguindo os criterios xa indicados para a avaliación ordinaria.



Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar ao alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con alomenos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

O alumnado que estea nesta situación terá dereito cada trimestre a realizar unha proba puntual de nivel escrita onde se manifesten os contidos traballados en cada trimestre. Non se requirirá a entrega dos exercicios realizados na aula, pois a cualificación do trimestre será a obtida na proba, sen ponderar cos exercicios.

Dita proba, referida aos contidos de cada trimestre, consistirá en:

- preguntas concretas sobre contidos teóricos e prácticos da materia do trimestre
- comentario ou explicación das características dunha obra determinada, a partir da audición e/ou datos escritos, con ou sen partitura, empregando un léxico axeitado, en referencia ás características da época ou estilo correspondente dos tratados no trimestre
- comentario de textos ou de imaxes relativos á materia, cun léxico axeitado, en referencia ás características da época ou estilo correspondente dos tratados no trimestre

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a realización da dita proba escrita. Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos ou superior para superala.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

A circunstancia de que a avaliación continua non sexa posible por motivo do número de faltas considérase aplicable trimestralmente. Pode darse o caso de que un alumno/a teña trimestre/s de avaliación ordinaria e outro/s onde a avaliación continua non é posible. Neste caso, para a cualificación final ponderada considerarase a cualificación ponderada trimestral (nos trimestres de avaliación ordinaria) e a cualificación obtida na proba (nos trimestres onde non sexa posible a avaliación continua).

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superara a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela



deberán demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

Aa **proba** consistirá en:

- preguntas concretas sobre contidos teóricos e prácticos da materia
- comentario ou explicación das características dunha obra determinada, a partir da audición e/ou datos escritos, con ou sen partitura, empregando un léxico axeitado, en referencia ás características das épocas ou estilos correspondentes á materia do curso
- comentario de textos ou de imaxes relativos á materia, cun léxico axeitado, en referencia ás características das épocas ou estilos correspondentes á materia do curso

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a realización da dita proba escrita.

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos ou superior para superala.

6.1.5 Recursos didácticos

- Materiais a disposición do alumnado na Aula Virtual do Conservatorio
- Lousa dixital
- Equipo de reprodución musical
- Equipo informático da aula
- Acceso a Internet
- Recursos bibliográficos
- Fontes manuscritas e impresas dixitalizadas
- Fontes iconográficas
- Fontes sonoras

Bibliografía

Burkholder, J. P., Grout, D. J., & Palisca, C. V. (2011). Historia de la Música Occidental. Madrid: Alianza Editorial.

Hoppin, R. H. (2000). La Música Medieval. Madrid: Ed. Akal.

Atlas, A. W. (2002). La Música del Renacimiento. La música en la Europa Occidental, 1400-1600. Madrid: Ed. Akal.

Walter Hill, J. (2008). La Música Barroca. Madrid: Ed. Akal.

López Cobas, Lorena (2013): Historia da Música en Galicia. Editorial Ouvirmos.



6.2 Curso: 5º grao profesional

6.2.1 Obxectivos

Primeiro trimestre

- Captar, a través da audición, as características das correntes estéticas do tempo do Clasicismo e de Beethoven co fin de situar as obras musicais no tempo e recoñecer o seu estilo.
- Coñecer e comprender a música do Clasicismo e Beethoven, tendo en conta a relación cos conceptos estéticos imperantes, para poder aplicar as convencións interpretativas ao repertorio e desenvolver o sentido crítico.
- Valorar a importancia da música na sociedade no tempo do Clasicismo e de Beethoven, a través do coñecemento das relacións establecidas entre a música e o resto das artes, así como dos feitos históricos e os movementos socioculturais máis salientables.
- Reflexionar sobre o fenómeno sonoro na época do Clasicismo e de Beethoven como un aspecto máis da conduta humana, intimamente conectado co proceso histórico en que se encadra en todos os seus aspectos: económicos, sociais e culturais.
- Adquirir a práctica de escoitar música do Clasicismo e de Beethoven, como un xeito de diversificar as preferencias persoais.

Segundo trimestre

- Captar, a través da audición, as características das correntes estéticas do Romanticismo co fin de situar as obras musicais no tempo e recoñecer o seu estilo.
- Coñecer e comprender a música do Romanticismo, tendo en conta a relación cos conceptos estéticos imperantes, para poder aplicar as convencións interpretativas ao repertorio e desenvolver o sentido crítico.
- Valorar a importancia da música na sociedade do Romanticismo, a través do coñecemento das relacións establecidas entre a música e o resto das artes, así como dos feitos históricos e os movementos socioculturais máis salientables.
- Reflexionar sobre o fenómeno sonoro no Romanticismo como un aspecto máis da conduta humana, intimamente conectado co proceso histórico en que se encadra en todos os seus aspectos: económicos, sociais e culturais.
- Adquirir a práctica de escoitar música do Romanticismo, como un xeito de diversificar as preferencias persoais.

Terceiro trimestre

- Captar, a través da audición, as características das correntes estéticas do século XX e inicios do XXI co fin de situar as obras musicais no tempo e recoñecer o seu estilo.



- Coñecer e comprender a música do século XX e inicios do XXI, tendo en conta a relación cos conceptos estéticos imperantes, para poder aplicar as convencións interpretativas ao repertorio e desenvolver o sentido crítico.
- Valorar a importancia da música na sociedade do século XX e inicios do XXI, a través do coñecemento das relacións establecidas entre a música e o resto das artes, así como dos feitos históricos e os movementos socioculturais máis salientables.
- Reflexionar sobre o fenómeno sonoro no século XX e inicios do XXI como un aspecto máis da conduta humana, intimamente conectado co proceso histórico en que se encadra en todos os seus aspectos: económicos, sociais e culturais.
- Adquirir a práctica de escoitar música do século XX e inicios do XXI, como un xeito de diversificar as preferencias persoais.

6.2.2 Contidos

Primeiro trimestre

- A música do Clasicismo. Periodización. CONTIDO MÍNIMO ESIXIBLE
- Situación da actividade musical no seu contexto social e artístico. Comentario de textos e análise iconográfica en relación coa actividade musical. Organoloxía. A orquestra do Clasicismo.
- Orixe e características xerais da música no Clasicismo. O estilo galante. O estilo Sturm und Drang. Fraseo musical. Textura. Harmonía. Relacións tonais entre os diversos movementos dunha obra.
- Estructuras musicais habituais no Clasicismo.
- A forma sonata. CONTIDO MÍNIMO ESIXIBLE
- Principais xéneros instrumentais do Clasicismo. Análise e audición comentada de fragmentos significativos de obras.
- Sinfonía. Concerto. Sonata. Cuarteto de corda. Análise e audición comentada de fragmentos significativos de obras. CONTIDO MÍNIMO ESIXIBLE
- Principais xéneros vocais do Clasicismo. O teatro musical. Principais elementos musicais empregados no teatro musical. Ópera seria e bufa. Análise e audición comentada de fragmentos significativos de obras.
- Recitativo e aria. CONTIDO MÍNIMO ESIXIBLE
- A música do Clasicismo en España e Galicia. Análise e audición comentada de fragmentos significativos de obras.
- Coñecemento dos compositores máis relevantes do Clasicismo.
- A transición do Clasicismo ao Romanticismo: a obra de Beethoven. Situación da súa actividade musical na súa época e no seu contexto social e artístico.



- Características principais da música de Beethoven. CONTIDO MÍNIMO ESIXIBLE
- A orquestra na obra de Beethoven. Análise e audición comentada de fragmentos significativos de súas obras.
- Emprego dun vocabulario técnico e xeral axeitado.
- Actitude aberta e respectuosa ante os diversos estilos, gustos e opinións musicais.

Segundo trimestre

- A música do Romanticismo. Periodización. CONTIDO MÍNIMO ESIXIBLE
- Situación da actividade musical no seu contexto social e artístico. Comentario de textos e análise iconográfica en relación coa actividade musical. Organoloxía. A orquestra romántica.
- Características xerais da música romántica. Liberdade formal; estruturas musicais habituais. Harmonía. Virtuosismo.
- Música programática. Temas musicais simbólicos que se repiten e se transforman. Nacionalismo. CONTIDO MÍNIMO ESIXIBLE
- Principais xéneros instrumentais no Romanticismo Análise e audición comentada de fragmentos significativos de obras.
- As pezas breves. Sinfonía programática. Poema sinfónico. CONTIDO MÍNIMO ESIXIBLE
- Principais xéneros vocais no Romanticismo. O teatro musical. A ópera italiana. O drama musical wagneriano. Análise e audición comentada de fragmentos significativos de obras.
- A aria. O lied. CONTIDO MÍNIMO ESIXIBLE
- A música do Romanticismo en España e Galicia. A zarzuela. A melodía galega. Análise e audición comentada de fragmentos significativos de obras.
- Coñecemento dos compositores máis relevantes do Romanticismo.
- Emprego dun vocabulario técnico e xeral axeitado.
- Actitude aberta e respectuosa ante os diversos estilos, gustos e opinións musicais.

Terceiro trimestre

- A música do século XX. Situación da actividade musical no seu contexto social, económico, ideolóxico, histórico e artístico. Comentario de textos e análise iconográfica en relación coa actividade musical.
- Principais tendencias e repertorios musicais desenvolvidos na música do século XX. CONTIDO MÍNIMO ESIXIBLE.



- Características xerais da música do século XX. Ruptura coa tonalidade tradicional. Melodía, timbre, técnicas harmónicas. Novos sistemas de notación musical.
- Emprego de diversos tipos de escala, novas técnicas harmónicas, importancia do ritmo. CONTIDO MÍNIMO ESIXIBLE.
- Organoloxía: os instrumentos no século XX. Análise iconográfica.
- A música dende 1900 ata a 1ª Guerra Mundial. Principais desenvolvementos musicais. As primeiras obras de Stravinski. A atonalidade. Análise e audición comentada de fragmentos significativos de obras.
- O posromanticismo ou romanticismo tardío. O impresionismo musical. Características principais. CONTIDO MÍNIMO ESIXIBLE.
- A música no período de entreguerras. Música de vangarda. Análise e audición comentada de fragmentos significativos de obras.
- O dodecafonismo. O neoclasicismo. Características principais. CONTIDO MÍNIMO ESIXIBLE.
- A música despois da 2ª Guerra Mundial. Novos medios electrónicos. O serialismo integral. A indeterminación ou música aleatoria. A música textural. O minimalismo. Análise e audición comentada de fragmentos significativos de obras.
- A música en España e Galicia no século XX. Análise e audición comentada de fragmentos significativos de obras.
- A música a finais do século XX e inicios do século XXI. Análise e audición comentada de fragmentos significativos de obras.
- Coñecemento dos compositores máis relevantes do século XX e inicios de XXI.
- Emprego dun vocabulario técnico e xeral axeitado.
- Actitude aberta e respectuosa ante os diversos estilos, gustos e opinións musicais.

6.2.3 Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderá consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza - aprendizaxe.



Criterios de avaliación

Primeiro trimestre

- Coñecer o Clasicismo como un período da Historia da música, situalo cronoloxicamente e relacionalo cos diversos repertorios musicais que se desenvolveron no seu transcurso. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE
- Recoñecer e describir as características musicais máis salientables do Clasicismo, a través da audición de obras con ou sen partitura.
- Recoñecer e comentar, a través da análise, os principais xéneros vocais e instrumentais do Clasicismo, e as súas principais características, a partir de exemplos en audio e/ou video, con ou sen partitura.
- Coñecer a forma sonata e as súas principais características. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE
- Recoñecer os xéneros da sonata para teclado, cuarteto de corda, sinfonía e concerto. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE
- Recoñecer e distinguir o recitativo e a aria. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE
- Recoñecer e comentar, a través da análise, as principais características da música de Beethoven, nos xéneros da sonata para teclado, cuarteto e sinfonía, a partir de exemplos en audio e/ou video, con ou sen partitura. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE
- Comentar exemplos iconográficos ou textos escritos referidos á música, representativos do Clasicismo e da época de Beethoven.
- Relacionar a historia da música con outros aspectos da historia, da cultura e do pensamento que poidan incidir no desenvolvemento musical do Clasicismo e da época de Beethoven.
- Coñecer e usar correctamente o vocabulario musical específico. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE

Segundo trimestre

- Coñecer o Romanticismo como un período da Historia da música, situalo cronoloxicamente e relacionalo cos diversos repertorios musicais que se desenvolveron no seu transcurso. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE
- Recoñecer e describir as características musicais máis salientables do Romanticismo, a través da audición de obras con ou sen partitura.
- Recoñecer e comentar, a través da análise, os principais xéneros vocais e instrumentais do Romanticismo, e as súas principais características, a partir de exemplos en audio e/ou video, con ou sen partitura.
- Coñecer e comentar as seguintes características da música romántica: música programática, emprego de temas simbólicos que reaparecen e se transforman, nacionalismo. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE



- Recoñecer os xéneros da peza breve para piano, poema sinfónico, e sinfonía programática. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE
- Recoñecer aria e o Lied. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE
- Comentar exemplos iconográficos ou textos escritos referidos á música, representativos do Romanticismo.
- Relacionar a historia da música con outros aspectos da historia, da cultura e do pensamento que poidan incidir no desenvolvemento musical do Romanticismo.
- Coñecer e usar correctamente o vocabulario musical específico. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE

Terceiro trimestre

- Coñecer as principais tendencias da música do século XX, os principais repertorios musicais que se desenvolveron, e situalos cronoloxicamente. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.
- Recoñecer e describir as características musicais máis salientables da música do século XX, a través da audición de obras con ou sen partitura.
- Coñecer e comentar o uso das seguintes prácticas na música do século XX: emprego de variados tipos de escala, novas técnicas harmónicas, importancia do ritmo. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE
- Recoñecer e comentar, a través da análise, os principais estilos e correntes da música do s. XX, e as súas principais características, a partir de exemplos en audio e/ou video, con ou sen partitura.
- Recoñecer o posromanticismo, o impresionismo, o dodecafonismo e o neoclasicismo, e as súas principais características, a partir de exemplos en audio e/ou video, con ou sen partitura. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE
- Recoñecer e comentar, a través da análise, os principais desenvolvementos musicais de inicios do século XXI, e as súas principais características, a partir de exemplos en audio e/ou video, con ou sen partitura.
- Comentar exemplos iconográficos ou textos escritos referidos á música, representativos do século XX e inicios do XXI.
- Relacionar a historia da música con outros aspectos da historia, da cultura e do pensamento que poidan incidir no desenvolvemento musical do século XX e inicios do XXI.
- Coñecer e usar correctamente o vocabulario musical específico. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE



Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

- a) Superar os criterios de avaliación indicados coma mínimos esixibles no apartado anterior. Consideraranse coma superados cada un destes criterios cando nos procedementos e nas ferramentas de avaliación correspondentes se acade unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10.
- b) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante os procedementos e ferramentas de avaliación correspondentes.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Realizarase unha **avaliación inicial** na primeira sesión de clase. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- a) Análise do grao de consecución dos coñecementos previos necesarios para a materia, desenvolvidos no currículo das materias dos cursos anteriores.
- b) Coñecemento personalizado das características do alumnado que facilite a planificación docente.

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**. O profesorado valerase das seguintes **ferramentas** para a avaliación do alumnado:

- Exercicios realizados polo alumno.
- Probas puntuais.

O profesor/a levará rexistro destas ferramentas nun **caderno de seguimento do alumnado** co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

No curso realizaranse 3 cualificacións, unha para cada trimestre.

A **cualificación de cada trimestre** será unha nota ponderada, de acordo ao seguinte criterio:

- exercicios: 20% da cualificación.
- proba puntual: 80% da cualificación.

A proba puntual, referida aos contidos de cada trimestre, consistirá en:

- preguntas concretas sobre contidos teóricos e prácticos da materia do trimestre



- comentario ou explicación das características dunha obra determinada, a partir da audición e/ou datos escritos, con ou sen partitura, empregando un léxico axeitado, en referencia ás características da época ou estilo correspondente dos tratados no trimestre
- comentario de textos ou de imaxes relativos á materia, cun léxico axeitado, en referencia ás características da época ou estilo correspondente dos tratados no trimestre

A **cualificación final** da materia será a media das tres cualificacións parciais (trimestrais) do curso.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Como criterio de redondeo, adóptase o seguinte: cando unha cualificación atinxa 5 décimas (0,5), redondearase ao número enteiro superior. Por exemplo: un 5,499 redondearase a 5,00; pero un 5,5 redondearase a 6,00.

Criterios de cualificación

- REALIZACIÓN DE EJERCICIOS: 20% da cualificación trimestral.
- REALIZACIÓN DA PROBA PUNTUAL TRIMESTRAL: grao de dominio dos contidos traballados no trimestre. 80% da cualificación trimestral.

A aplicación destes criterios de cualificación realizarase mediante a realización por escrito dos exercicios e as probas específicas.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), a disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá de demostrar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha **proba** que consistirá en:

- preguntas concretas sobre contidos teóricos e prácticos da materia
- comentario ou explicación das características dunha obra determinada, a partir da audición e/ou datos escritos, con ou sen partitura, empregando un léxico axeitado, en referencia ás características das épocas ou estilos correspondentes á materia do curso



- comentario de textos ou de imaxes relativos á materia, cun léxico axeitado, en referencia ás características das épocas ou estilos correspondentes á materia do curso

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a realización da dita proba escrita.

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos ou superior para superala.

6.2.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións trimestrais do presente curso adóptanse os seguintes criterios:

Cando non se supere un trimestre, o alumno terá dereito á súa recuperación, preferentemente a final de curso, efectuando unha proba puntual de recuperación e/ou entregando os exercicios non presentados, dependendo das circunstancias que provocaran a non superación do trimestre.

Para a cualificación de cada trimestre recuperado consideraranse as mesmas porcentaxes de ponderación que na avaliación ordinaria (nota da proba de recuperación 80%, exercicios 20%), substituíndo os resultados que non foran superados na avaliación ordinaria polos novos resultados acadados na recuperación.

A cualificación ponderada resultante de cada trimestre recuperado servirá para calcular a nota final, que será a media das tres avaliacións, do mesmo xeito que na avaliación ordinaria. É dicir, para a cualificación final substituiranse as cualificacións non superadas na avaliación ordinaria, polos resultados obtidos nas avaliacións recuperadas, e farase a media final seguindo os criterios xa indicados para a avaliación ordinaria.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar ao alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con alomenos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.



O alumnado que estea nesta situación terá dereito cada trimestre a realizar unha proba puntual de nivel escrita onde se manifesten os contidos traballados en cada trimestre. Non se requirirá a entrega dos exercicios realizados na aula, pois a cualificación do trimestre será a obtida na proba, sen ponderar cos exercicios.

Dita proba, referida aos contidos de cada trimestre, consistirá en:

- preguntas concretas sobre contidos teóricos e prácticos da materia do trimestre
- comentario ou explicación das características dunha obra determinada, a partir da audición e/ou datos escritos, con ou sen partitura, empregando un léxico axeitado, en referencia ás características da época ou estilo correspondente dos tratados no trimestre
- comentario de textos ou de imaxes relativos á materia, cun léxico axeitado, en referencia ás características da época ou estilo correspondente dos tratados no trimestre

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a realización da dita proba escrita. Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos ou superior para superala.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

A circunstancia de que a avaliación continua non sexa posible por motivo do número de faltas considérase aplicable trimestralmente. Pode darse o caso de que un alumno/a teña trimestre/s de avaliación ordinaria e outro/s onde a avaliación continua non é posible. Neste caso, para a cualificación final ponderada considerárase a cualificación ponderada trimestral (nos trimestres de avaliación ordinaria) e a cualificación obtida na proba (nos trimestres onde non sexa posible a avaliación continua).

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superara a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberán demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

Aa **proba** consistirá en:

- preguntas concretas sobre contidos teóricos e prácticos da materia
- comentario ou explicación das características dunha obra determinada, a partir da audición e/ou datos escritos, con ou sen partitura, empregando un léxico axeitado, en referencia ás características das épocas ou estilos correspondentes á materia do curso

- comentario de textos ou de imaxes relativos á materia, cun léxico axeitado, en referencia ás características das épocas ou estilos correspondentes á materia do curso

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a realización da dita proba escrita.

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos ou superior para superala.

6.2.5 Recursos didácticos

- Materiais a disposición do alumnado na Aula Virtual do Conservatorio
- Lousa dixital
- Equipo de reprodución musical
- Equipo informático da aula
- Acceso a Internet
- Recursos bibliográficos
- Fontes manuscritas e impresas dixitalizadas
- Fontes iconográficas
- Fontes sonoras

Bibliografía

Burkholder, J. P., Grout, D. J., & Palisca, C. V. (2011). Historia de la Música Occidental. Madrid: Alianza Editorial.

Downs, P. G. (1998). La Música clásica: era de Haydn, Mozart y Beethoven. Madrid: Ed. Akal.

Plantinga, L. (1992). La Música Romántica. Madrid: Ed. Akal.

Morgan, R. P. (1994). La Música del siglo XX. Madrid: Ed. Akal.

López Cobas, Lorena (2013): Historia da Música en Galicia. Editorial Ouvirmos.



7 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

A aplicación da programación didáctica será supervisada de maneira constante por parte do profesorado da especialidade, rexistrando o seu grao de cumprimento e eficacia, e as posibles incidencias ou desviacións na planificación da mesma.

Nas reunións do departamento didáctico de Fundamentos de Composición e Historia da Música deixarase constancia deste seguimento así coma de calquera outra incidencia a ter en conta para a súa avaliación, revisión e mellora.

8 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Sen prexuízo de calquera outra medida que se estableza para a avaliación e mellora continua do sistema educativo e das ensinanzas musicais por parte da administración educativa competente, cada departamento didáctico realizará ao remate do período lectivo unha memoria final do curso. Nesta memoria farase constar o seguimento realizado sobre cada unha das materias, un análise do grao de consecución, resultados obtidos e demais incidencias salientables, e indicaranse as posibles modificacións e propostas de mellora de cara a vindeiros cursos con respecto a esta programación didáctica, así coma sobre o funcionamento e actividades do departamento didáctico.



9 ANEXOS

9.1 Probas de acceso a outros cursos

9.1.1 Proba de acceso a 5º curso do Grao Profesional

Esta proba está referida á materia de 4º de Historia da Música.

A **proba** que consistirá en:

- preguntas concretas sobre contidos teóricos e prácticos da materia
- comentario ou explicación das características dunha obra determinada, a partir da audición e/ou datos escritos, con ou sen partitura, empregando un léxico axeitado, en referencia ás características das épocas ou estilos correspondentes á materia do curso
- comentario de textos ou de imaxes relativos á materia, cun léxico axeitado, en referencia ás características das épocas ou estilos correspondentes á materia do curso

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos ou superior para superala.

Contidos

Son os indicados nesta programación para o curso de 4º de Historia da Música.

Criterios de avaliación e cualificación

Son os indicados nesta programación para o curso de 4º de Historia da Música.

A aplicación dos criterios de avaliación e cualificación farase mediante a realización da proba escrita.

9.1.2 Proba de acceso a 6º curso do Grao Profesional

Esta proba está referida á materias de 4º e 5º de Historia da Música.

A **proba** que consistirá en:

- preguntas concretas sobre contidos teóricos e prácticos da materia



- comentario ou explicación das características dunha obra determinada, a partir da audición e/ou datos escritos, con ou sen partitura, empregando un léxico axeitado, en referencia ás características das épocas ou estilos correspondentes á materia dos cursos
- comentario de textos ou de imaxes relativos á materia, cun léxico axeitado, en referencia ás características das épocas ou estilos correspondentes á materia dos cursos

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos ou superior para superala.

Contidos

Son os indicados nesta programación para os cursos de 4º e de 5º de Historia da Música.

Criterios de avaliación e cualificación

Son os indicados nesta programación para os cursos de 4º e 5º de Historia da Música.

A aplicación dos criterios de avaliación e cualificación farase mediante a realización da proba escrita.

9.2 Criterios para a obtención dos premios fin de grao

Segundo a Orde do 10 de marzo de 2009, polo que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honor e premio de fin de grao para as ensinanzas de música e danza, o premio fin de grao concederase ao alumnado que cumpra os dous seguintes requisitos:

- Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.
- Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin.

Os criterios valorativos para a obtención do premio fin de grao establecidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro son comúns para todas as especialidades e pódense consultar no centro ou na súa páxina web.